



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Proxecto de Lei de aeródromos de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se crea e regula o funcionamento do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio de 2007

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Abegondo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Oroso á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Val do Dubra á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Becerreá á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística



- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Castroverde á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Ribeira de Piquín á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Castrelo de Miño á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Gomesende á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Maside á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Piñor á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Verín á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Vilamarín á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Moraña á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Pontecesures á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Entrimo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Oia á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Sarria, para o acondicionamento do treito urbano da estrada LU-636 (rúa Calvo Sotelo)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ourense, para a execución do proxecto de canalización das augas pluviais da OD-1 da nova estrada A Granxa- Rairo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do sistema universitario de Galicia, para o desenvolvemento de infraestruturas científico-tecnolóxicas de apoio á investigación

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Lugo o *Festival de Pardiñas*, no concello de Guitiriz
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Ourense a *Festa do Magosto*, no concello de Ourense
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a *Romaría de Santo Hadrián*, no concello de Malpica de Bergantiños
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Lugo a *Festa das Fachas de Castelo*, no concello de Taboada

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de Remate do alargamento da E.P. 0018 Xeve-Amil- A Espedregueira, no concello de Pontevedra, sobre a do monte veciñal en man común pertencente á comunidade de Xeve (Santo André), promovido pola Deputación Provincial de Pontevedra



- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de mellora da intersección de acceso ao aeroporto de Vigo-Peinador, N-556, pq 7+300, provincia de Pontevedra, no concello de Vigo, sobre a do monte veciñal en man común pertencente á comunidade de Cabral, promovido por Demarcación de Estradas do Estado en Galicia
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de abastecemento a varios núcleos do concello de Chandrexa de Queixa sobre a do monte veciñal en man común Parafita, pertencente á parroquia de Parafita (San Bartolomeu), promovido pola Deputación Provincial de Ourense

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello do Porriño (Pontevedra), que ten por obxecto a realización da obra: dotación de herba artificial ao campo de fútbol de Torneiros, no concello do Porriño
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Burela (Lugo), que ten por obxecto a realización da obra: dotación de herba artificial ao campo de fútbol da Marosa, no concello de Burela
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación que se subscribirá entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Nigrán (Pontevedra), que ten por obxecto a realización da obra: consolidación de noiros no campo de fútbol
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación que se subscribirá entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Muros (A Coruña), que ten por obxecto a realización da obra: dotación de herba artificial ao campo de fútbol de Esteiro

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Ferrol para a rehabilitación de centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, por importe de 180.000 euros
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Ourense, para a ampliación e



mellora do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, por importe de 100.000 euros

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Mancomunidade de Concellos do Salnés, para o acondicionamento e ampliación do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, por importe de 154.000 euros
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Xinzo de Limia, para a creación dun centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, por importe de 50.000 euros
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Ribeira de Piquín, para o acondicionamento da praia fluvial do Chao de Pousadoiro, por importe de 149.756 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Fondo Galego para a Cooperación e a Solidariedade, para o proxecto de cooperación internacional de rehabilitación integral do campo de refuxiados palestinos de Neirab (Siria)

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia do 6 de setembro de 2008, do presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, da actuación de urxencia e de inmediata execución para solucionar a grave situación de perigo ocasionada pola magnitude das verteduras á bacía do río Lagares, como consecuencia do incendio producido no polígono do Gorxal, cun importe de 307.481,83 euros



- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, do 6 de setembro de 2008, das actuacións administrativas relacionadas coas verteduras ao río Lagares como consecuencia do incendio de naves no Gorxal, cun importe de 862.883,96 euros



A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE AERÓDROMOS E HELIPORTOS QUE PERMITIRÁ DESENVOLVER AS COMPETENCIAS RECOLLIDAS NO ESTATUTO DE AUTONOMÍA

- ***O texto elaborado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes permitirá xestionar e impulsar os aeródromos e heliportos que non sexan de interese xeral do Estado***
- ***Ata o de agora non existía unha normativa propia que regulara este tipo de infraestruturas destinadas, entre outras labores, a traslados sanitarios e de emerxencias, extinción de incendios ou voos deportivos***
- ***O proxecto de lei prevé que estas instalacións poidan ser de titularidade pública ou privada e establece un réxime de autorización previa que garanta a seguridade das instalacións e a conveniente ordenación do sector***
- ***Estipular que a autorización de establecemento deberá realizarse por concurso público cando haxa máis dunha solicitude na mesma zona ou máis dun interesado en xestionar unha instalación prevista nun plan sectorial***
- ***Regula cun réxime simplificado e prazos máis reducidos as autorizacións de aeródromos e heliportos eventuais cuxo establecemento obedeza a necesidades transitorias ou a un uso en circunstancias especiais***
- ***Crea o Rexistro Administrativo de Aeródromos, Aeroportos e Heliportos de Galicia como instrumento de control e publicidade***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de aeródromos de Galicia, texto normativo que, unha vez aprobado polo Parlamento, permitirá desenvolver as competencias autonómicas en materia de heliportos e aeródromos. Así, e segundo se recolle no Estatuto de autonomía, correspóndenlle á Comunidade Autónoma galega as competencias exclusivas sobre os portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos. Non obstante, como ocorre na maioría das comunidades autónomas, ata o de agora non existía unha normativa propia que regulase este tipo de infraestruturas destinadas, entre outros labores, a traslados sanitarios e de emerxencia, extinción de incendios ou voos deportivos.

Á falta de normativa propia engádese o incremento das exixencias referentes á seguridade do transporte aéreo que están xurdindo nos últimos anos e o requirimento da Dirección Xeral de Aviación Civil de normalizar administrativamente estas infraestruturas. Todas estas circunstancias levaron á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a través da Dirección Xeral de Transportes, a elaborar o texto normativo aprobado hoxe polo Consello da Xunta e que agora será remitido ao Parlamento para a súa tramitación. O proxecto de lei divídese en cinco títulos:

O Título I regula o réxime de establecemento e apertura ao tráfico dos aeródromos. Prevé que estas instalacións poidan ser de titularidade pública ou privada e establécese un réxime de autorización previa que garanta a seguridade das instalacións e a conveniente ordenación do sector. Ese procedemento de autorización consta de tres fases que son a



autorización do establecemento, a aprobación do proxecto técnico e a autorización de apertura ao tráfico.

No caso da autorización de establecemento, esta deberá realizarse por concurso público cando haxa máis dunha solicitude na mesma zona ou máis dun interesado en xestionar unha instalación prevista nun plan sectorial. Ademais, a solicitude someterase á información pública por prazo de quince días para que as persoas interesadas poidan formular alegacións. O réxime de establecemento tamén recolle a necesaria coordinación coa Administración xeral do Estado así como a supervisión por parte da Dirección Xeral de Transportes dos correspondentes proxectos técnicos e plans de seguridade e operacións, incluíndo as previsións en relación coa ordenación do tránsito aéreo.

Por último, o primeiro título regula cun réxime simplificado e prazos máis reducidos as autorizacións de aeródromos e heliportos eventuais cuxo establecemento obedeza a necesidades transitorias ou a un uso en circunstancias especiais.

O Título II regula a xestión dos aeródromos, os dereitos e deberes dos seus titulares e as actividades de asistencia en terra. Establece a obriga de permitir o uso das instalacións por terceiros en casos de emerxencia e, de xeito ordinario e para evitar a duplicidade de instalacións, mediante unha retribución por tarifa.

O Título III determina que a competencia en materia de aeródromos, heliportos e aeroportos corresponderá á consellería da Xunta de Galicia que teña atribuídas as funcións en materia de transportes, que na actualidade é a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Establece os instrumentos para que se poida desenvolver con rapidez e axilidade a normativa do sector e crea como instrumento de control e publicidade o Rexistro Administrativo de Aeródromos, Aeroportos e Heliportos de Galicia.

Os Títulos IV e V regulan o réxime sancionador de xeito gradual, atendendo á incidencia na seguridade, ao dano causado, á intencionalidade e á reincidencia. Así, as sancións económicas poden chegar a 10.000 euros no caso das infraccións leves (modificación do réxime de utilización das instalacións sen comunicalo á Administración ou deficiencias no mantemento que non afecten o correcto funcionamento, entre outras). As infraccións graves poderán acadar os 20.000 euros (modificar as instalacións sen a preceptiva autorización, obstaculizar a libre competencia dos servizos de asistencia en terra ou deficiencias no estado de conservación, se afectan o seu funcionamento). Por último, as infraccións moi graves sancionaranse con ata 50.000 euros (apertura de aeródromos sen a preceptiva autorización ou incumprimento das condicións de seguridade ou de preservación do ambiente, entre outras). No caso das infraccións moi graves, ademais da multa poderase acordar o peche temporal ou a revogación da autorización do aeródromo. Ademais, poderanse impor multas coercitivas ata que se acaten as sancións impostas pola Dirección Xeral de Transportes.



A lei conclúe cunha disposición transitoria que fixa un prazo de tres anos para que os aeródromos de utilidade pública ou destinados a traballos aéreos, técnicos ou científicos que estivesen en funcionamento antes do 1 de xaneiro de 2007 e que non dispoñan de autorización da Dirección Xeral de Aviación Civil, obteñan a súa autorización de acordo coas previsións da presente lei autonómica.



O EXECUTIVO AUTONÓMICO CREA O REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA

- ***A Consellería do Medio Rural elaborará un rexistro de explotacións agrarias co obxectivo de facilitar a aplicación de axudas e de fomentar a titularidade compartida das instalacións***
- ***O rexistro entrará en funcionamento o 1 de xaneiro de 2009 e deberán inscribirse nel todas as explotacións agrarias, tanto as prioritarias –as que se dedican a tempo completo a actividade agrogandeira–, como as que non dispoñen desta cualificación***
- ***Este instrumento contribuirá á avaliación da situación social do sector agrogandeiro galego e permitirá visibilizar o papel das mulleres, segundo recolle o decreto aprobado hoxe no Consello da Xunta***

O Consello da Xunta aprobou o decreto de creación e regulamento do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, que permitirá o establecemento da precisa rastrexabilidade nas producións agropecuarias e facilitará a aplicación da xestión das axudas destinadas ao sector coa homoxeneización de datos e a clasificación das instalacións en seccións, para permitir a súa actualización de xeito permanente e integrado.

Este rexistro ten carácter xeral e deberán figurar tanto as explotacións agrarias prioritarias –as que se dedican a tempo completo a actividade agrogandeira- como aquelas outras que non dispoñan desta cualificación, que serán incluídas na sección denominada outras explotacións agrarias. Constituirá ademais un instrumento necesario para a ordenación e sistematización da información dispoñible sobre as explotacións agrarias galegas, coas súas características particulares e a súa clasificación por orientacións produtivas, polo que suporá un considerable apoio a calquera política agroalimentaria e ambiental.

O rexistro contribuirá tamén á avaliación da situación social do sector agrogandeiro, especialmente como un indicador das medidas de igualdade laboral entre homes e mulleres, de incorporación da mocidade na actividade agraria e na loita contra o desemprego. Desta forma, fomentarase a titularidade compartida das instalacións, o que contribuirá a visibilizar o papel das mulleres no sector agrario.

Ademais, permitirá definir as características das explotacións agrarias en Galicia, para dispoñer de datos obxectivos que determinen as condicións que deben reunir para seren destinatarias preferentes das axudas públicas, garantir a eficacia do sistema de xestión e control en aplicación da política agraria da Xunta, así como para facilitar as relacións entre a administración e as persoas administradas mediante un rexistro veraz e actualizado dos seus datos que permita unha xestión eficaz dos seus intereses.



A XUNTA DE GALICIA PECHOU O EXERCICIO 2007 CUN SUPERAVIT DE 100 MILLÓNS DE EUROS

- ***Os ingresos non financeiros superaron por primeira vez os dez mil millóns de euros, e incrementaron en 403 millóns de euros a previsión inicial de ingresos***

A Xunta de Galicia culminou o exercicio 2007 cun superávit de 100 millóns de euros en termos de contabilidade nacional, grazas ao positivo comportamento dos ingresos e da evolución ca economía galega que rematou o ano cun crecemento do 4%, dúas décimas máis que a media española.

O incremento dos ingresos non financeiros superou en 403 millóns de euros a previsión inicial de ingresos, é dicir, un 3,9% máis. Así se desprende dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no 2006, presentada hoxe ao Consello da Xunta como paso previo a súa remisión ao Parlamento.

A situación financeira no 31 de decembro de 2007 caracterízase polo avance no saneamento financeiro e da transparencia na xestión dos programas. A superación das previsións orzamentarias de ingresos, resultados e o bo ritmo acadado no investimento produtivo son outros elementos destacados no balance do exercicio.

Entre as principais magnitudes do exercicio destaca que os ingresos non financeiros superaron por primeira vez a cifra dos dez mil millóns de euros ao chegar aos 10.638 millóns, un 3,9% máis que a previsión inicial, grazas á superación das previsións en todos os ingresos tributarios. Igualmente, o investimento real acadou os 1.264 millóns de euros e supón un nivel de execución do 95%.

Na conta do pasado exercicio destaca tamén a significativa redución da débeda sobre o orzamento inicial que permitiu diminuír a porcentaxe de débeda sobre o PIB desde o 7,7% do 2005 ata o 6,5% no 31 de decembro de 2007.



UN TOTAL DE 16 NOVOS CONCELLOS INCORPÓRANSE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE GALICIA

- ***No día de hoxe hai 23 concellos adheridos á Axencia e outros seis máis ultiman a tramitación administrativa***
- ***Estes concellos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo***
- ***A APLU é un ente público consorciado ao cal os concellos se incorporan de xeito voluntario***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os respectivos convenios entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e dezaseis novos concellos de Galicia para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral. Estes dezaseis concellos que se incorporan agora súmanse aos sete que o fixeron a semana pasada polo que a día de hoxe hai un total de vintetrés concellos adheridos á Axencia. Ademais outros seis están rematando a tramitación administrativa para a súa incorporación inmediata.

Os convenios aprobados hoxe polo Consello da Xunta correspóndense cos concellos de Abegondo, Oroso e Val do Dubra na provincia da Coruña; Becerreá, Castroverde e Ribeira de Piquín en Lugo; Moraña, Oia e Pontecesures en Pontevedra; e Castrelo de Miño, Entrimo, Gomesende, Maside, Piñor, Verín e Vilamarín na provincia de Ourense.

Todos estes concellos engádense aos incorporados a semana pasada e que foron os da Baña, Cedeira e Sada na provincia da Coruña; de Carballeda de Avia, Castrelo do Val e Vilardevós en Ourense; e da Guarda en Pontevedra.

A integración na APLU será plenamente efectiva unha vez asinados os correspondentes convenios de colaboración autorizados hoxe polo Consello da Xunta e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, os concellos adheridos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ingresarase nas contas municipais.



Funcións da APLU

A APLU é un ente público consorciado do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. Os seus obxectivos son a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da Axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as súas funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e a asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.



A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DUN MILLÓN DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA RÚA CALVO SOTELO, EN SARRIA

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Sarria para o acondicionamento do tramo urbano da estrada autonómica LU-636 ao seu paso pola localidade e que coincide coa rúa Calvo Sotelo.

Segundo o acordo que será asinado proximamente, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e mais o organismo autónomo Augas de Galicia (dependente da Consellería de Medio Ambiente) financiarán a partes iguais, con 445.301 euros cada un, o custo total das obras, que ascende a 900.000 euros.

A actuación que se vai desenvolver ten por obxecto conferirle á rúa Calvo Sotelo un tratamento máis urbano acorde cos seus usos actuais. Para isto levarase a cabo a renovación da calzada e acometeranse a mellora de servizos urbanos, beiravías e a sinalización. Deste xeito, a vía acadará unhas maiores cotas de seguridade tanto para o tráfico rodado como para os peóns e proporcionaráselles uns servizos de maior calidade aos cidadáns.

Ademais de financiar o 50 por cento das obras, a Consellería de Política Territorial redactará e aprobará o proxecto técnico mentres que o Concello de Sarria se encargará de tramitar as licenzas necesarias para realizar os traballos e de contratar e executar as obras segundo o proxecto.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da CPTOPT de mellora da rede viaria de Galicia, de forma que se lles proporcionen aos usuarios unhas infraestruturas máis cómodas e seguras. Tamén, polo que respecta a Augas de Galicia, responde á colaboración que este organismo lles proporciona aos concellos para executar obras de abastecemento, reconstrución de beirarrúas, balizamento e mobiliario urbano.



O GOBERNO GALEGO FINANCIA CON 400.000 EUROS A CANALIZACIÓN DE AUGAS NA ESTRADA A GRANXA-RAIRO, EN OURENSE

▪ ***As obras inclúen o acondicionamento dun espazo público en Rairo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ourense para levar a cabo obras de canalización de augas pluviais da estrada A Granxa-Rairo, así como o acondicionamento dun espazo público en Rairo.

Trátase duns traballos complementarios á estrada, que a CPTOPT financia con 400.000 euros e que executa o Concello de Ourense. A actuación consiste na instalación de obras de drenaxe superficial na estrada que teñen como fin canalizar e evacuar ata o regueiro de Zaín a auga da choiva.

No que respecta á praza de Rairo, as obras consisten na pavimentación deste espazo veciñal así coma do seu acceso rodado, a instalación de contedores de lixo subterráneas e o acondicionamento de bancos para o uso cidadán.

Ademais de financiar as obras, Política Territorial supervisará e aprobará o proxecto técnico que elaborará o concello. Pola súa banda o Concello tramitará os permisos pertinentes, contratará e acometerá as obras e asumirá a súa conservación e mantemento unha vez executadas.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de garantir os servizos públicos axeitados para contribuír ao desenvolvemento harmónico do territorio e mellorar a calidade de vida dos cidadáns.



A XUNTA E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS IMPULSAN O DESENVOLVEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

- ***Este acordo permitirá a ampliación de infraestruturas xa existentes e a adquisición de novos equipamentos***
- ***O desenvolvemento deste convenio suporá un investimento de 16,2 millóns de euros, dos que os fondos FEDER achegan 11.340.000 euros e o propio Plan de financiamento do SUG, 4.860.000 euros.***
- ***Entre outras infraestruturas, con este convenio se financian, na Universidade de Santiago, o equipamento dos novos laboratorios de Radiofísica e Física de Altas Enerxías; na de Vigo, os Laboratorios de Calidade e Seguridade Alimentaria de Ourense; e na Universidade de A Coruña, a ampliación dos Centros de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacions***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do sistema universitario de Galicia (SUG) para o desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas de apoio á investigación. Este acordo permitirá a ampliación de infraestruturas xa existentes e a adquisición de novos equipamentos.

A Consellería de Educación destinará para o desenvolvemento deste convenio un total de 16,2 millóns de euros. Esta cantidade correspóndese coas achegas establecidas para a Comunidade Autónoma galega no Programa operativo FEDER-FSE de investigación, desenvolvemento e innovación. Obxectivo 1 (2000-2006). O importe dos fondos FEDER ascende a 11.340.000 euros e o custo total a 16,2 millóns de euros, polo que os fondos que cofinancia o propio Plan de financiamento do SUG ascenden a 4.860.000 euros.

Esta axuda ten por finalidade potenciar o desenvolvemento especializado das infraestruturas científico-tecnolóxicas de apoio á investigación, ao mesmo tempo que e cubrir as necesidades de obras e equipamentos priorizadas polas tres universidades do SUG co fin de completar a oferta de servizos científico-tecnolóxicos que prestan na actualidade.

O acordo enmárcase nos obxectivos do Contrato Programa que veñen desenvolvendo conxuntamente a consellería e as universidades galegas, co obxectivo de especializar e integrar a oferta de servizos científico-tecnolóxicos que as tres universidades veñen prestando á comunidade investigadora ata hai pouco de forma independente. Para isto, o Contrato Programa promove unha prestación máis competitiva e unha xestión máis eficiente, coordinada e sustentable dos servizos e infraestruturas de apoio á I+D que require o conxunto do SUG.

En virtude deste acordo, as universidades galegas comprométense a instalar e manter unhas novas infraestruturas científico-tecnolóxicas que deberán contribuír a un desenvolvemento máis competitivo das actividades de investigación no sistema ciencia-



tecnoloxía-empresa de Galicia. Para isto, asumen o desenvolvemento e a consolidación de todos os servizos asociados para o seu uso conxunto pola comunidade científica universitaria e polo sistema de innovación galego.

Entre outras infraestruturas e equipamentos, con esta acción finánciase, por exemplo, na Universidade de Santiago de Compostela, o equipamento dos novos laboratorios de *Radiofísica e Física de Altas Enerxías*, ou dos laboratorios de Investigación no novo *Centro de Investigación en Bioloxía*; na Universidade de Vigo, o novo laboratorio de *Antenas* e os laboratorios de *Calidade e Seguridade Alimentaria* no campus de Ourense; e na Universidade de A Coruña, a ampliación dos centros de investigación en *Tecnoloxías da Información e Comunicaciós* e *Tecnoloxías da Construción e Enxeñaría Civil*.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA CATRO NOVAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO

- ***A Consellería de Innovación e Industria elevou ao Consello da Xunta a declaración para a Romaría de Santo Hadrián de Malpica, a Festa das Fachas de Castelo en Taboada, o Festival de Pardiñas en Guitiriz e a Festa do Magosto de Ourense***

Dúas festas na provincia de Lugo, unha en Ourense e outra na provincia da Coruña foron declaradas hoxe polo Consello da Xunta como festas de interese turístico, logo da información favorable por parte da Consellería de Innovación e Industria. Trátase da Romaría de Santo Hadrián de Malpica, da Festa das Fachas de Castelo en Taboada, do Festival de Pardiñas en Guitiriz, e da Festa do Magosto de Ourense.

A romaría de Santo Hadrián de Malpica celébrase o primeiro domingo de xuño e a súa singularidade vén dada pola súa lenda, na cal se conta que unha comunidade de monxes que habitaba nas illas Sisargas se viu asediada por unha colonia de serpes. Santo Hadrián, que estaba a predicar o evanxeo pola Costa da Morte, achegouse ás pedras da ribeira e díxolles: “Eu, Santo Hadrián, libérovos das serpes e desde hoxe nunca máis ás Sisargas irán”. A romaría é unha das tradicións máis arraigadas no municipio e arredor de dez mil persoas de toda Galicia acoden anualmente a acompañar o santo. Existe documentación que acredita que esta romaría se celebra desde os anos 20 até a actualidade.

Os días 7, 8 e 9 de setembro celébrase en Taboada a Festa das Fachas de Castelo desde tempos remotos. Malia que non se conserva documentación que acredite a data real de inicio da celebración, a Festa das Fachas é un dos rituais festivos ígneos de Galicia e unha tradición ancestral da cultura galega. Destaca pola súa posta en relevo da casa e tamén da solidariedade e identidade parroquial. O significado da queima das fachas é diverso e diferentes estudos falan dunha forma de comunicación entre os castros ou tamén dun xeito de alumear as festas e acontecementos nocturnos, incluso se di que foron parte de certos actos rituais máxico-relixiosos. Non se coñece en Galicia ningunha celebración semellante consistente en rodear coas fachas o castro do lugar e facelas arder chegada a medianoite. A súa singularidade radica tamén en que este acto está asociado a un castro datado en dous mil anos.

O Festival de Pardiñas de Guitiriz celébrase a primeira fin de semana de agosto desde hai vinte e nove anos e caracterízase pola súa mestura de elementos culturais, artísticos e deportivos nun espazo natural único, que se manifesta no desenvolvemento dun espírito creativo de vangardas culturais de pobos e comarcas onde impera a liberdade de expresión e onde cabe salientar a celebración de varios concertos de música folk, coa participación de grupos e artistas procedentes de diferentes países. O festival de Pardiñas é, xa que logo, unha ferramenta de convivencia e confraternidade.



Todos os anos, o 11 de novembro, se celebra desde 1965 en Ourense a Festa do Magosto. Existen referencias documentais desta festa no Arquivo Municipal da cidade e comezou a facerse o Día de Santos e Defuntos por ser unha comida de mortos, polo que se celebraba nos adros da igrexa. Logo trasladarase para o día de San Martiño pero na provincia séguese a facer o Día de Defuntos despois de rezar polos mortos. Trátase dunha festa do medio natural, do monte, da natureza inculta e do espazo non habitado. O magosto está inmerso nun triplo contexto: agrario, lúdico e sacro, que contribúe a convertelo nun auténtico e expresivo ritual colectivo.

A declaración de festa de interese turístico para unha celebración implica a súa inscrición automática no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas e a súa inclusión no Plan galego de promoción do turismo. Así mesmo, valorárase positivamente a obtención desta declaración á hora de optar ás axudas e subvencións que puidese establecer a Xunta de Galicia para este tipo de actos.



A XUNTA DECLARA A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DE PROXECTOS DE ABASTECIMENTO EN CHANDREXA DE QUEIXA E DE ESTRADAS EN PONTEVEDRA E VIGO, SOBRE A DOS MONTES VECIÑAIS CORRESPONDENTES

- ***A Consellería do Medio Rural declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto de abastecemento a varios núcleos do concello de Chandrexo de Queixa, sobre a do monte veciñal en man común Parafita, promovido pola Deputación Provincial de Ourense, segundo acordou o Consello da Xunta***
- ***Declarouse tamén a prevalencia de utilidade pública do proxecto de remate do alargamento da estrada provincial Xeve-Amil- A Espedregueira, no concello de Pontevedra, sobre a do monte veciñal en man común pertencente á comunidade de Xeve (Santo André), promovido pola Deputación Provincial de Pontevedra***
- ***Acordouse ademais a prevalencia de utilidade pública do proxecto de mellora da intersección de acceso ao aeroporto de Vigo-Peinador, no concello de Vigo, sobre a do monte veciñal en man común da comunidade de Cabral, promovido pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia***

A Xunta acordou declarar a prevalencia de utilidade pública dos proxectos de abastecemento en Chandrexo de Queixa, cunha superficie de afección de 11.155 m², do remate do alargamento da EP 0018 Xeve-Amil- A Espedregueira, cunha superficie de afección de 7.047 m², e do proxecto de mellora da intersección do aeroporto de Vigo-Peinador, na N 556 pq 7+300 cunha superficie de afección de 9.980 m².

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, dependente da Consellería do Medio Rural, ratificou os informes favorables sobre a prevalencia da utilidade do proxecto sobre as destes montes veciñais, emitidos polas delegacións provinciais do Medio Rural en Ourense e Pontevedra, tras resolver as alegacións presentadas durante os períodos de exposición pública.

No relativo ao abastecemento de augas proxectado en Chandrexo de Queixa, a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación de bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

Ademais, a Lei de expropiación forzosa establece que a aprobación dos proxectos de estradas implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes, como aparece no expediente da prevalencia de Pontevedra.

A Lei de estradas estatal dispón que a aprobación dos proxectos de estradas estatais implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e adquisicións de dereitos correspondentes para os fins de expropiación, de



ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes, segundo recolle a declaración do proxecto de Vigo-Peinador.



A XUNTA INVISTE DOUS MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE BURELA, O PORRIÑO, MUROS E NIGRÁN

- ***As obras, que consisten na dotación de herba artificial e outras melloras, desenvolveranse nos anos 2008 e 2009***

A Xunta, a través da Dirección Xeral para o Deporte, dependente da Consellería de Cultura e Deporte, asinará convenios de colaboración cos concellos do Porriño, Burela, Muros e Nigrán para a realización de obras en campos de fútbol por un custo total de dous millóns de euros (1.968.254).

Estes convenios, que foron aprobados polo Consello da Xunta, establecen as bases de colaboración económica para o cofinanciamento das obras, que completará o equipamento deportivo existente nos ditos concellos e que tentará satisfacer a demanda existente de espazos deportivos.

Desta forma, no municipio do Porriño dotarase de herba artificial o campo de fútbol de Torneiros, nunha obra que conta cun investimento total de 749.640 euros. A Dirección Xeral para o Deporte achegará 637.194,68 euros, que repartirá ao cincuenta por cento en dúas anualidades (318.000 euros por ano), mentres que o Concello do Porriño destinará 112.446,12 euros, tamén en dous anos. Ademais, o Concello deberá pór a disposición da Xunta a instalación deportiva para posibilitar a actuación pretendida.

No Concello de Burela, a actuación consistirá na dotación de herba artificial ao campo de fútbol da Marosa, cun investimento total de 660.324,06 euros, dos cales a Dirección Xeral para o Deporte achegará 561.275,49 divididos en dúas anualidades: En 2008 investirá 267.194,58 euros e no 2009 os 294.080,91 restantes. O Concello de Burela achegará 99.000 euros e porá a instalación á disposición da Xunta para a realización das obras.

A obra en Muros tamén consistirá na dotación de herba artificial para o campo de fútbol de Esteiro, cun custo total de 607.242,46 euros, dos cales a Consellería de Cultura e Deporte investirá 516.156,09 (en 2008, 285.000 e ao ano seguinte, 231.156,09 euros).

A última das actuacións, e tamén a máis pequena, é a de Nigrán, que consistirá na consolidación de noiros no campo de fútbol de Nigrán, cun investimento de 298.385,53 euros. A obra desenvolverase, como no caso das anteriores, en dous anos: no 2008 o investimento por parte da Dirección Xeral para o Deporte será de 190.020 euros, mentres que no 2009 será de 63.607,70 euros. Pola súa banda, o Concello de Nigrán destinará 44.757,83 euros a esta actuación.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 484.000 EUROS Á CREACIÓN, ACONDICIONAMENTO OU AMPLIACIÓN DE CENTROS DE RECOLLIDA DE ANIMAIS VAGABUNDOS OU ABANDONADOS EN FERROL, O SALNÉS, OURENSE E XINZO DE LIMIA

- ***No municipio de Xinzo de Limia (Ourense), crearanse unhas novas instalacións de recollida de animais debido á proximidade do concello co Parque Natural do Xurés***
- ***A Xunta rehabilitará o centro de recollida de animais de Ferrol, que dá servizo a toda a comarca, investirá 154.000 euros nas instalacións do Salnés e achegará 100.000 euros para a ampliación e mellora do centro do concello de Ourense***
- ***Estes convenios enmárcanse na necesidade de acometer nos centros existentes actuacións de rehabilitación ou ampliación das instalacións co fin de dar acollida ao elevado número de animais de compañía abandonados ou vagabundos mantendo un nivel de benestar do animal***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destina 484.000 euros á creación, acondicionamento ou ampliación de centros de recollida de animais abandonados ou vagabundos nos concellos de Ferrol, Ourense e Xinzo de Limia e nos concellos que conforman a Mancomunidade do Salnés, mediante a sinatura de convenios que autorizou hoxe o Consello da Xunta.

Estes convenios enmárcanse na necesidade de acometer nos centros existentes actuacións de rehabilitación ou ampliación das instalacións co fin de dar acollida ao elevado número de animais de compañía abandonados ou vagabundos mantendo un nivel de benestar do animal que se axuste aos requisitos da normativa vixente. A lexislación marca as atencións mínimas que deben recibir os animais desde o punto de vista hixiénico e sanitario, así como as condicións xerais que deben reunir os centros.

Rehabilitación do centro do Concello de Ferrol

A Xunta destina 180.000 euros á rehabilitación do centro de recollida de animais de Ferrol, que dá este servizo a toda a súa comarca, polo que se ve obrigado a recoller a un gran número de animais domésticos. O acordo estipula a ampliación e mellora das instalacións do centro co fin de aumentar significativamente a súa capacidade.

O investimento aboarase en tres anualidades, de xeito que este ano se destinarán 57.000 euros, 50.000 en 2009 e, finalmente, no ano 2010 investiranse 73.000 euros.

Acondicionamento e ampliación do centro da comarca do Salnés

A execución da segunda fase da construción do centro de recollida de animais que dá servizo aos municipios que forman a Mancomunidade do Salnés suporá un investimento de 154.000 euros que se repartirá en tres anualidades. Así, no presente exercicio aboaranse 57.000 euros, mentres que en 2009 e 2010 investiranse 42.091 e 54.909 euros respectivamente.



A Mancomunidade do Salnés abarca os concellos de Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía e Vilanova, polo que se busca a consecución dun centro de acollida proporcional ás necesidades destes municipios.

Ampliación e mellora das instalacións do Concello de Ourense

O Concello de Ourense asume a recollida de animais abandonados dos pequenos municipios da comarca que non dispoñen dun centro destas características, o cal supón correr cos gastos moi elevados. Por iso, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 100.000 euros na ampliación e mellora das instalacións para aumentar a súa capacidade de acollida, que se repartirá en tres anos, de xeito que en 2008 se destinarán 57.000 euros, 10.000 euros en 2009 e, finalmente, 33.000 euros en 2010.

Creación dun centro de acollida en Xinzo de Limia

A Consellería de Medio Ambiente inviste 50.000 euros para a creación dun centro de recollida de animais vagabundos e abandonados en Xinzo da Limia (Ourense), que se repartirán en 10.000 euros que se aboarán este ano, a mesma cantidade en 2009 e 30.000 euros no ano 2010.

A situación estratéxica do municipio, moi próximo ao Parque Natural da Baixa Limia-Xurés, aconsella a construción dun centro de recollida de animais por non existir instalacións deste tipo nos concellos lindeiros. Debido á proximidade do espazo natural protexido é importante evitar a existencia de cans silvestres tanto pola contaminación xenética dos cánidos silvestres como pola destrución de ovos de aves en época de cría polos animais abandonados, entre outros.



A XUNTA FINANCIARÁ CON 149.700 EUROS O ACONDICIONAMENTO DA PRAIA FLUVIAL DO CHAO DE POUSADOIRO, NO CONCELLO LUCENSE DE RIBEIRA DE PIQUÍN

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello para a execución do proxecto***
- ***O obxectivo desta actuación é recuperar un enclave natural e potenciar así os recursos paisaxísticos e ambientais deste municipio***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible financiará o acondicionamento da praia fluvial e o contorno do Chao de Pousadoiro, no concello lucense de Ribeira de Piquín, cun investimento de 149.756 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento autonómico e o local para a execución do proxecto.

O obxectivo desta actuación é a recuperación e o acondicionamento da praia fluvial e o contorno do Chao de Pousadoiro, na ribeira do río Eo, como instrumento que é para o disfrute da natureza, ao mesmo tempo que contribúe á sensibilización da poboación respecto da importancia do seu uso racional e da súa conservación.

O proxecto permitirá así mesmo potenciar os recursos paisaxísticos deste municipio, polo que discorre, entre outros, o río Eo, e que conta cun importante patrimonio natural de gran singularidade, como a Pena Grande ou a Pena Ouviaña.

A Consellería de Medio Ambiente financiará as obras na súa totalidade, cun investimento de 149.756 euros que se distribuirá en dúas anualidades, a primeira delas de 32.959 euros con cargo aos orzamentos do presente ano e outra de 116.796 euros previstos nos de 2009.

Pola súa parte, o Concello de Ribeira de Piquín encargárase de levar a cabo as actuacións necesarias para a execución das obras e licitar o proxecto.



A XUNTA ACHEGA 250.000 EUROS AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CAMPO DE REFUXIADOS PALESTINOS DE NEIRAB, EN SIRIA

- ***Esta actuación de cooperación internacional inclúe a reconstrución de vivendas para nove familias, a dotación de infraestruturas e de servizos básicos e espazos públicos que beneficiarán a unhas 350 persoas***

A Consellería de Vivenda e Solo achega 250.000 euros ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FGCS) para a rehabilitación integral do campo de refuxiados palestinos de Neirab, en Siria. O Consello da Xunta autorizou, na súa xuntanza de hoxe, a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o FGCS para o desenvolvemento desta actuación.

O proxecto de rehabilitación integral deste campo de refuxiados suporá a reconstrución das vivendas de nove familias –aproximadamente 46 persoas- para adecualas aos estándares de habitabilidade. Tamén se dotarán a estas vivendas de rede de auga, sumidoiros e electricidade, así como o acondicionamento de zonas verdes e espazos públicos de recreo para a infancia. Estas melloras beneficiarán a unhas 350 persoas.

A Consellería de Vivenda e Solo realizará este investimento en dúas anualidades: 50.000 euros en 2008 e outros 200.000 euros en 2009.



A XUNTA INVESTIU 1,1 MILLÓNS DE EUROS PARA PALIAR OS EFECTOS DAS VERTEDEURAS AO RÍO LAGARES PROVOCADAS POR UN INCENDIO NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO GORXAL, EN VIGO

- ***As obras que se levaron a cabo requiriron un investimento total de 1.170.364 euros en concepto de actuacións e subministración***
- ***O conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, explicou ante o Consello da Xunta a necesidade de levar a cabo estas obras ante o grave perigo para o medio ambiente que supoñía a vertedura de produtos contaminantes como lixivias e deterxentes***
- ***Os traballos consistiron en reducir o impacto da vertedura mediante a colocación de barreiras e balsas de contención e a limpeza da canle do río e evitar que chegase ao mar e á praia, así como a instalación dunha protección perimetral nas empresas nas que se produciu o incendio para captar as augas pluviais e de escurramento e o tratamento das augas contaminadas***

O conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible informou hoxe ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia nas actuacións realizadas para paliar os efectos das verteduras causados no río Lagares a consecuencia dun incendio que se produciu no polígono industrial do Gorxal, en Vigo, o pasado 6 de setembro. A estas obras de emerxencia destináronse un total de 1.170.364 euros, en concepto de actuacións precisas tanto no que atinxe a obras como a subministración.

A situación producida no río Lagares requiriu a intervención inmediata da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible xa que se verteron ao río produtos contaminantes como lixivias e deterxentes que podían causar un grave prexuízo ao medio ambiente se non se executasen as obras.

As actuacións de emerxencia realizáronse en dúas fases, a primeira consistiu en reducir os impactos da vertedura e cortar os fluxos desde a zona afectada mediante a colocación de barreiras de contención no Lagares e balsas de contención con filtros. Ademais, levouse a cabo un traballo de roza das marxes e na canle do río e de limpeza nos areas afectados. O obxectivo do operativo posto en marcha era evitar o avance da auga contaminada con produtos tóxicos, absorber partículas contaminadas e limpar a canle do río e a espuma das praias. Estes traballos, que foron realizados pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, dependente de Augas de Galicia, recibiron un investimento de 307.481 euros.

Na segunda fase, executouse unha canle de protección perimetral das instalacións afectadas, para levar as augas de escurramento e pluviais ata unha balsa de decantación. Ademais, os residuos sólidos e as augas contaminadas transportáronse ata unha planta de tratamento por un xestor autorizado. Estas actuacións, que correron a cargo da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, tiveron un custo de 862.883 euros.